

¿Hai evidencias sobre a estacionalidade do SARS-CoV-2 e, por tanto, o maior risco de infeccións en outono e inverno?

Dr. Juan Jesús Gestal Otero

Académico de Número Real Academia de Farmacia de Galicia

O SARS-CoV-2, o mesmo que os virus da gripe e sincitial respiratorio, son infeccións que se difunden mellor con temperaturas e humidades baixas (0 a 17 °C e <9 g/m³), máis frecuentes no outono e inverno debido a que as baixas temperaturas diminúen a inmunidade innata, ao alterar as defensas moleculares e celulares das vías respiratorias superiores, favorecendo a invasión das células polos virus, e a baixa humidade favorece a formación de aerosois ao captar o aire rapidamente a humidade das pingas, impedindo a súa rápida sedimentación e favorecendo a formación de finas partículas (aerosois) que permanecen mais tempo flotando no aire.

No caso do sincitial e dos virus da gripe a estacionalidade é clara. Sabemos que o virus do SARS, responsable da pandemia de 2002-2003, se presentou no outono inverno e logo desapareceu, e que outros coronavirus como o MERS e os responsables do catarro común teñen unha variación estacional. No caso do SARS-CoV-2 nun principio afectou a zona das isoterms de 4 a 12°C (China, Irán, Turquía, Italia, España, EE.UU.) e na primavera, a medida que o clima se foi quentando, se estendeu ao norte (RU, Alemaña, Europa do leste, Rusia e América do Norte). A chegada do verán non levou unha grande diminución no Hemisferio Norte, quizais fixo que a propagación fose mais lenta, pero non a detivo, e no Hemisferio Sur observouse unha importante afectación no outono-inverno.

En resumo, a afectación foi maior nos países máis fríos e secos, no que a enfermidade amosou un crecemento exponencial, pero tamén se afectaron os países máis cálidos e húmidos, aínda que cun crecemento mais lineal. As zonas con incidencias mais baixas foron as que están entre as latitudes 30N e 30S, e a menor afectación nos trópicos atribúese a maior radiación UV.

Hai moitos artigos publicados sobre o tema do clima e a covid-19. Nunha revisión do pasado agosto, realizada por Smit AJ e cols., de 45 artigos revisados por pares e 80 publicacións pre-impresas, chegaron a conclusión de que “a investigación ata a data non logrou amosar evidencia convincente da modulación ambiental da covid-19, suxerindo un efecto de modulación débil”. Como de momento non hai datos dun ciclo estacional completo nunha localidade, para dar resposta definitiva a esta cuestión temos que agardar ao 2021 e anos posteriores. Ora ben. Todo apunta, e estamos comezando a velo, a unha maior afectación no outono inverno.